



RAFAEL JOSÉ DEL BARRIO BERBEL, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que o Excmo. Concello Pleno, na sesión ORDINARIA celebrada o día vinte e cinco de xuño de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo seguinte:

5/65 APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO/CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2/2020.- Examinado o expediente tramitado para os efectos, que foi ditaminado favorablemente pola Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Alcaldía e Recursos Humanos, celebrada o día 19 de xuño de 2020, e vista a proposta da Alcaldía, do 16 de xuño de 2020, que na súa parte expositiva sinala:

“Asunto: Proposta de aprobación de proxecto de modificación do Orzamento do Concello de Lugo Suplemento de crédito- Crédito Extraordinario Núm. 2/2020.

Importe: 2.254.261,76 euros

Destino:

- Cobertura de obrigas económicas derivadas de actos de contido económico das distintas áreas xestoras do Concello de Lugo

Financiamento: RTGX

Mediante Decreto da Area de Economía número 1799/2020 do 17/3/2020 aprobouse a liquidación do Orzamento do Concello de 2019, na que se puxo de manifesto a obtención dun Remanente de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible por importe de 51.595.789,44 euros.

O Superávit en termos de contabilidade nacional segundo a normativa SEC95 se elevaba a 9.053.572,13 euros.

O presente expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de suplemento de crédito ten a finalidade de dar cobertura ás obrigas económicas que se desprenden dos seguintes expedientes:

- Actos de contido económico das distintas áreas xestoras do Excmo. Concello de Lugo .

En consecuencia, e tendo en conta a aprobación dos expedientes de modificación orzamentaria tramitados, logo de ver o informe de Intervención Ref.: 2020/443 de data 16/06/2020 e considerando a inexistencia ou insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias de referencia no vixente Orzamento, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados: